

BASES DO CONCURSO FOTOGRÁFICO

PROMOTOR

O titular deste concurso fotográfico é o concello de Sanxenxo e a súa finalidade é a promoción do patrimonio de Sanxenxo, involucrando na devandita difusión tanto aos veciños como a quen nos visita a través das redes sociais Twitter e Facebook.

Neste concurso poderán participar todas as persoas físicas que cumpran as condicións establecidas nestas bases.

Twitter e Facebook non patrocinan, nin avalan nin administran de ningún xeito a promoción, nin están asociados á mesma.

PARTICIPACIÓN E MECÁNICA

Para participar no concurso será necesario ter conta en twitter e/ou facebook cun perfil e respectar as condicións de uso das devanditas redes. Ademais, será necesario ser seguidor dos perfís do Concello de Sanxenxo en Facebook e/ou Twitter.

Para poder optar aos premios bastará con publicar catro selfies en lugares que reflectan o patrimonio de Sanxenxo, tendo que ser realizados tres deles nos lugares recolleitos no material promocional titulado “Sanxenxo, todo por descubrir”, que pode descargarse da web municipal, www.sanxenxo.es. O lugar no que se realice o cuarto selfie poderá ser escollido polo participante pero deberá tratarse dun rincón con valor patrimonial.

Ditas fotos deberán ser compartida a través de Twitter e Facebook de forma pública etiquetando ao perfil do Concello de Sanxenxo na rede que sexa (Concello de Sanxenxo ou @concello_sxx) e deberán conter o hashtag #patrimoniosxx e mención ao perfil municipal nas devanditas redes. Doutra banda, en Facebook soamente será necesario a publicación das devanditas imaxes co hashtag #patrimoniosxx.

Ditas fotos deberán ser compartida a través de twitter e facebook e deberán conter o hashtag #patrimoniosxx e mención ao perfil municipal nas devanditas redes, etiquetándolo na publicación.

Para optar a gañador do concurso o participante deberá ser seguidor do perfil municipal ao que se menciona na publicación.

COMUNICACIÓN DOS GAÑADORES

O Concello de Sanxenxo a través dos seus perfís correspondentes poñerase en contacto cos gañadores, e/ou polas vías ao seu alcance que considere oportunas, para informar ao mesmo.

PREMIO

O concurso establece como primeiro premio unha cea para dúas persoas nun restaurante da zona e como segundo premio unha visita guiada con cata degustación a unha adega local.

PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os participantes aceptan, mediante a súa participación no concurso, que os contidos e comentarios que vaian ser publicados nestas redes poidan ser compartidos co resto de usuarios en redes sociais.

A participación nun concurso desta natureza supón a aceptación das normas das devanditas redes. Non é necesario o rexistro previo en ningunha aplicación, nin o Concello de Sanxenxo obterá ningún dato de inscrición, xa que a participación é pública, por centrar a súa natureza na propia rede social.

DEREITOS DE IMAXE

A aceptación do premio polo gañador supón dar o consentimento ao Concello de Sanxenxo para utilizar con fins publicitarios o seu nome e imaxe para promoción do propio concurso, en ningún momento o concello exercerá dereito algún sobre a imaxe en cuestión que, en todo momento pertencerá ao seu autor, e rexerese polas condicións de uso da propia rede social na que participa, que é allea ao propio Concello.

RESPONSABILIDADES

O promotor resérvase o dereito de anular calquera participación ou a calquera participante, se se teñen sospeitas dunha manipulación incorrecta dos datos ou do concurso.

O promotor exclúe toda responsabilidade polos danos e prexuízos de calquera natureza que puidesen derivarse das imaxes presentadas polos participantes ao concurso, así como da vulneración dos dereitos de propiedade intelectual que puidesen derivarse da presentación das devanditas imaxes, que en calquera caso están albergadas nas redes sociais establecidas, dentro do perfil de cada usuario.

BASES

- Poderá presentarse a este concurso calquera persoa maior de idade sendo indiferente o seu lugar de residencia e nacionalidade.
- Admitirase calquera proposta fotográfica sen limitacións técnicas.
- Deberán presentarse un mínimo de catro selfies por participante.
- A temática da obra axustarase ao tema proposto: “Sanxenxo, todo por descubrir”. A imaxe debe recoller algún elemento patrimonial de Sanxenxo
- Excluíranse todas aquelas fotografías con contidos que non teñan un mínimo de calidade ou poidan ferir a sensibilidade.
- As imaxes poderán ser subidas ás redes sociais durante todo o prazo de vixencia do concurso, que conclúe o 30 de novembro.
- Os premios serán comunicados e entregados ao longo do mes de decembro de 2017.
- Os participantes que non cumpran con calquera dos requisitos indicados nesta convocatoria serán descalificados automaticamente.

FALLO DO CONCURSO

- O Concello de Sanxenxo fará unha preselección das fotografías presentadas, que se colgarán no perfil de Facebook
- Un xurado seleccionado polo Concello será o encargado de seleccionar o traballo gañador entre todas as propostas.
- O fallo do concurso terá lugar nos 15 días posteriores á finalización do prazo de recepción de fotografía.
- A decisión do xurado en canto ás fotografías gañadoras será inapelable.